



Nova Escola Galega

OPINA

Decembro de 2019

IGUALDADE, LINGUA E TEMPOS ESCOLARES

☞ A IGUALDADE

Vivimos nunha sociedade e, polo tanto, nun sistema educativo que aínda ten como reto a educación para a igualdade. A educación que recibimos dende a infancia está condicionada por unha socialización que non ten en conta a perspectiva de xénero e que está impregnada de estereotipos e roles sexistas, que sustentan a sociedade machista.

A loita e o activismo feminista conseguiron que a necesidade da coeducación chegase ás institucións, e é así como comezan a agromar iniciativas que camiñan cara á educación pola igualdade. Cada vez contamos con máis recursos por parte da Consellaría e os Plans Proxecta presentan varias ofertas de proxectos que teñen como fin este reto; así mesmo os Contratos-Programa estean este curso unha liña de actuación exclusivamente sobre igualdade. Tamén este curso se

estreou o Club de letras coa temática da igualdade. Son varias e cada vez con máis presenza as iniciativas a prol da visibilización desta realidade xa imparabile.

A orde do día dos centros neste primeiro trimestre respecto a esta temática vén marcada por dúas cuestións que requiren dun proceso de análise: o **plan de igualdade** e o **ingreso económico extraordinario** para empregar en actividades relacionadas coa promoción da igualdade entre homes e mulleres, e coa prevención da violencia de xénero.

O **plan de igualdade** vén regulado na *Instrución do 6 de setembro de 2019, da DXEPPIE, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da CEUPP*. A chegada aos centros desta instrución e o cumprimento de prazos —a entrega do





mesmo requírese coa entrega da Programación Xeral Anual— fai da praxe a realización apresurada dun documento sen o necesario proceso de análise e reflexión que require. Este proceso non é posible levalo a cabo en dous meses con garantías de éxito e non dá a oportunidade de debatelo con todos os axentes da comunidade educativa como sería desexable para ter en conta o alumnado, o profesorado, as familias e o persoal non docente.

Este plan debería converterse nunha ferramenta para levar a cabo actuacións e cambios consensuados en relación cos valores e modelos que defendemos.

No tocante ao **ingreso económico extraordinario** que provén do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, hai que indicar que chega aos centros a mediados de novembro e establece como prazo de xustificación do gasto o ano natural 2019. Perde grande parte das posibilidades que parece ofrecer polas condicións nas que se materializa: gastar e xustificar con presas leva xusto a conseguir o contrario do que se di perseguir. As decisións apresuradas, neste momento do trimestre, dificultan a boa xestión dos recursos públicos, sendo tantas as necesidades na educación para a igualdade.

Ademais, neste primeiro trimestre as axendas escolares teñen presente o 25 de novembro. É un mes no que se bombardea o alumnado coa temática da violencia machista, e ante isto cabe abrir dous interrogantes:

- 1) está preparado o profesorado para abordar esta temática?

- 2) é funcional a maneira de abordar a temática que se está dando na praxe?

Respecto á primeira cuestión é importante sinalar que a **formación do profesorado** actualmente non garante que esteamos preparadas para abordar esta cuestión, pois coeducar implica unha sensibilización e unha forma de ser e estar que precisa da mobilización de múltiples aspectos interpersoais condicionados por factores tan relevantes como a cultura, a relixión, os estereotipos sociais... Unha vez máis, constatamos que este tipo de cuestións claves no ámbito educativo quedan relegadas ao voluntarismo do profesorado.

Respecto á segunda cuestión é necesario abrir un debate sobre **como se traballa a violencia machista nos centros**. Nestas datas invadimos ao alumnado con titorías, exposicións e información sobre a violencia. Pero é útil isto? E sobre todo... é pedagóxico? Un tema desta importancia e coa responsabilidade que temos, sendo a educación a base para a prevención de calquera tipo de desigualdade e violencia..., non debe reducirse a ser tratado de xeito concreto un mes ao ano e, sobre todo, non deba ser tratado do xeito en que o facemos, como algo anecdótico e moitas veces quedando na superficie da problemática, na punta do iceberg. Unha intervención eficaz e realmente coeducativa debe ir dende a base, traballando valores como a empatía e, sobre todo e ante todo, cuestionando o currículo oculto, facendo deste tema un tema transversal real.●



DECÁLOGO PARA UNHA NOVA LEI DE EDUCACIÓN

Nova Escola Galega quere facerse eco dos mínimos que diversas forzas sociais e políticas publicaron —entre elas a Confederación Estatal dos Movementos de Renovación Pedagóxica e o Movemento Cooperativo de Escola Popular, dos que formamos parte— para encarar unha reforma da actual lei LOE-LOMCE que seguramente se abordará na próxima lexislatura. Co título de DOCUMENTO DE BASES PARA UNA NUEVA LEY DE EDUCACIÓN. ACUERDO SOCIAL Y POLÍTICO EDUCATIVO, foise elaborando colaborativamente este documento, que remata cun decálogo máis concreto que se pode ver no enlace <https://laicismo.org/wp-content/uploads/2018/03/Decalogo-bases-para-una-nueva-ley-de-educacion.pdf> e que resumimos nos seguintes puntos do decálogo:

1. A Educación é un Dereito baseado nos **principios de igualdade, laicidade, inclusión, sustentabilidade, participación democrática e coeducación**, para a formación dunha cidadanía responsable, crítica, solidaria e democrática nun mundo pluricultural.

2. Rede de Educación **Pública Única, Universal e Gratuíta**, que garanta que todo alumno e alumna dispoña dunha praza asegurada de 0 a 18 anos no sistema público, de titularidade e xestión pública. Supresión progresiva do financiamento aos centros privados concertados ou a súa integración na rede pública.

3. Infantil, Primaria e Secundaria **comprensiva cunha atención personalizada e inclusiva**, que respecte a diversidade e evite a clasificación, a selección temperá e a repetición. *Ratios* adecuadas e apoio doutros profesionais do ámbito educativo.

4. Educación **gratuíta desde infantil á universidade**, que inclúa materiais, transporte, comedor etc. na escolaridade obrigatoria; así como bolsas suficientes para o acceso a estudos universitarios, reducindo taxas da Educación Superior de forma inmediata e tendendo progresivamente á súa gratuidade.

5. Educación **inclusiva**, dotando de máis recursos a zonas e centros con maior escolarización de alumnado con dificultades e/ou en desvantaxe social (xustiza distributiva). Garantir o dereito á educación en condicións de equidade e non segregar o alumnado por capacidades, sexos, diversidade cultural, social ou sexual. Formar o profesorado.

6. **Curriculo sen idearios** particulares. Educación laica, que respecte a liberdade de conciencia, eduque sen dogmas e elimine toda forma de adoutrinamento do currículo escolar. Un currículo para a vida, que axude a comprender o medio no que se habita para construír

unha cidadanía informada e crítica; que respecte a diversidade cultural e teña unha ampla marxe para a súa adaptación polo profesorado e os centros educativos.

7. **Profesorado comprometido e recoñecido**: recoñecemento social e profesional da función pública docente, baseado en condicións laborais dignas e nun desenvolvemento profesional adecuado, amparado na negociación colectiva, que elimine a precarización laboral e garanta unha sólida formación inicial e permanente.

8. **Autonomía pedagóxica** e participación para axustarse ás características e necesidades do seu alumnado e da contorna, e poder desenvolver un proxecto educativo consensuado polo Consello Escolar, que volva ser o verdadeiro órgano de goberno dos centros. Dirección representativa, colexiada e elixida democraticamente pola comunidade.

9. **Avaliación educativa para a mellora** dos procesos educativos, atendendo á singularidade e ás necesidades de cada estudante. Fronte a avaliacións externas sobre o rendemento do alumnado, para rankings, darlle voz a toda a comunidade educativa nun proceso de avaliación democrática, informada e participada.

10. **Financiamento suficiente** que reverta os recortes en educación pública ata alcanzar o 7% do PIB e que se blinde constitucionalmente o PIB destinado á Educación Pública. •



**Redes por
una nueva
política
Educativa**

Colectivos Sociales

Amestí Educació (Associació de Mestres Grup de Treball per la Infancia), Asamblea Marea Verde Madrid, Colectivo Infancia, Foro de Sevilla, Europa Laica, Junta de Portavoces de Educación Infantil, Mareas por la educación pública, Ciudadan@s en defensa de la Escuela Pública, Proyecto Roma, Plataforma Crida de las Illes Balears (madres, padres, estudiantes y profesorado), Círculo Podem Educació Catalunya, Asociación Incluye, 'Movimiento Cooperativo de Escuela Popular' (MCEP), Red IRES, la Coordinadora de Universidades Públicas de Madrid (CUPUMA), la Plataforma por la Justicia Fiscal, 'Estudiantes en Movimiento', y 'Stop Ley Wert/La Educación que nos une' conformada por los colectivos y plataformas: 'ATTAC España, OXFAM Intermón, Confederación Estatal de Movimientos de Renovación Pedagógica, Plataforma en Defensa de la Educación Infantil 0-6, Ecologistas en Acción, Foro Mundial de Educación, Rosa Sensat, Yo Estudié en la Pública.

Sindicatos de Estudiantes

Sindicato de estudiantes, Federación de estudiantes progresistas del Estado y Colectivo Estudiantil Salmantino.

Asociaciones de Madres y Padres

Confederación Española de Padres y Madres del Alumnado.

Organizaciones Sindicales

Federación de Enseñanza de Comisiones Obreras, Confederación Stes-Intersindical y Federación de Enseñanza de CGT.

Partidos Políticos

Partido Socialista Obrero Español, Izquierda Unida, Podemos y Esquerra Republicana.



RECUPERACIÓN DO HORARIO DO PROFESORADO

Non estamos afeitos dende Nova Escola Galega a comentar as iniciativas sindicais e procuramos deslindar os ámbitos de actuación e opinión. Pero cando estas actuacións ou reivindicacións destas organizacións teñen implicacións co ámbito da renovación pedagóxica e/ou a xestión dos centros, interésanos opinar e debater. Nesta ocasión existe toda unha campaña de mobilizacións para recuperar os cómputos horarios de antes da crise económica. Non piden os sindicatos unha modificación do horario profesional, senón o reaxuste para volver á situación anterior ao ano 2011, cando o profesorado de Educación Secundaria tiña como tope de horas lectivas as 18 semanais e o de primaria 21.

O tope de número de horas, que era o aceptable e establecido antes da crise, será cando menos igual de idóneo neste momento, salvo polas circunstancias económicas que "obrigaron" a establecer a situación actual.

Parece evidente que o número de horas influirá na calidade da educación e esa é a principal preocupación de NEG como organización. Vexamos as razóns:

- Durante estes anos, por mor do incremento do cómputo horario docente, lograron **reducir significativamente o cadro de persoal dos centros**. Esta diminución afectou de formas diversas a organización debido a que, con menos persoal, deberán asumirse máis materias doutros perfís ("materias afíns") ou diminuír a atención ao alumnado nos recreos e gardas, facendo que a convivencia nos centros se resinta.

- O incremento das horas lectivas que se levou a cabo no seu día supuxo tamén que o número de grupos, e polo tanto de **alumnado a atender por cada docente, se ampliase**, empeorando loxicamente a atención e o coñecemento do alumnado a cargo, que tanto inciden na calidade da educación.


- Tamén a **atención á diversidade** se resentiu moi especialmente nestes cursos. Por unha banda, a diminución do profesorado dos Departamentos de Orientación; neste caso non polo número de horas, senón pola tendencia a reducir que se instalou na Administración, á que se lle deixou facer, con certa comprensión ou sensación de inevitabilidade, por parte do conxunto da sociedade. Por outro lado, a maior carga de alumnado inevitablemente deteriora a atención concreta aos problemas de diversidade, pois se non se dá atendido o común, máis difícilmente poderá dedicárselle tempo e esforzo ao particular e diverso.

- Os propios **Departamentos de Orientación** vense inexplicablemente afectados en tanto órganos de coordinación docente ao írselles aplicando a normativa esixida aos departamentos didácticos co fin de reducir persoal, obviando o marco lexislativo diferenciado dos Departamentos de Orientación, que recolle o Regulamento orgánico dos IES e a lexislación específica que regula a Orientación educativa e profesional en Galicia (Orde do 24 xullo 1998 pola que se establece a súa organización e funcionamento, regulada no Decreto 120/1998). Isto tradúcese nun desmantelamento progresivo dos Departamentos de orientación como órganos colexiados dinamizadores da orientación de cada comunidade educativa da que forman parte, que reduce a participación do profesorado nelles ao voluntarismo daquel máis comprometido coa mellora da calidade educativa.

- Houbo unha importantísima **deterioración no funcionamento dos órganos colexiados**, que necesitan tempos comúns, como departamentos, comisións, ciclos etc., repercutindo gravemente no funcionamento dos centros. Con esta medida, cada vez máis pasou a identificarse o tempo no centro educativo co tempo de clase, diminuindo a importancia da coordinación e da planificación por parte do equipo docente. Xustamente o que era un asunto pendente do noso sistema: o establecer tempos nos centros sen a presión lectiva, para labores de planificación, investigación e coordinación. Con estas reducións demos seriamente pasos atrás, pasos que agora convén recuperar.

Organización del horario de trabajo de los profesores en instituciones públicas. Horas de enseñanza (2017)

■ Educación Primaria ■ Educación Secundaria (1ª etapa) ■ Educación Secundaria (2ª etapa)



Fuente: Fuente: 'Panorama de la Educación 2018' (OCDE) - Conseguir los datos - Created with Datawrapper

• Tamén existe unha certa idea na sociedade de que os tempos de dedicación do profesorado son pequenos. Recordemos os comentarios tan desafortunados dunha persoa que era Presidenta dunha Comunidade Autónoma, e fora tamén nada menos que Ministra de Educación, comentarios nos que identificaba os tempos de traballo do profesorado cos de atención ao alumnado. Convén recordar como no Estado español **estamos por enriba da media** destes tempos, tanto se tomamos en conta a media da OCDE como a media da Unión Europea (ver gráfico); e que o cómputo global dos tempos segue sendo igual ao do resto dos funcionarios públicos. Certo é que nós sempre defendemos que se pode e se debe mellorar o uso deses tempos comúns non lectivos.

• Existe agora un certo recoñecemento da necesidade de que o **tempo de atención directa ao alumnado se racionalice** para mellorar a educación. Así o recoñeceu o Consello Escolar do Estado no seu informe anual sobre o estado do sistema educativo do ano 2019.

• No necesario **debate dos tempos escolares** existen propostas que requiren a disposición de profesorado con flexibilidade nas tarefas e nas dedicacións, sen ver o seu horario vinculado totalmente á actividade lectiva clásica.

• **Iniciativas** como o **estudo asistido**, evitando os deberes que discriminan ao alumnado con menor apoio familiar; a **apertura** dos centros nas tardes; os **apoios** dentro ou fóra do horario lectivo; o **desdoblamento** de grupos ou a **co-docencia** con outros profesionais, entre outras medidas, necesitan desta flexibilidade.

Ben sabemos que os cambios en educación teñen necesidade de máis modificacións estruturais, de financiamento e de actitudes profesionais e sociais favorables; pero dificilmente se darán sen estas mínimas variacións no cómputo horario que agora se reclaman. Esta situación debe ser corrixida e o noso compromiso é que as melloras que se consigan redunden no beneficio da calidade do sistema, e polo tanto, en beneficio do alumnado. •

👉 1 DE CADA 4 NENOS/AS NON SABE FALAR GALEGO


Talvez o dato máis trágico da *Enquisa estrutural a fogares: coñecemento e uso do galego*, que publicou hai unhas semanas o Instituto Galego de Estatística, sexa que 1 de cada 4 nenos/as (23,90%) sabe falar "pouco" ou "nada" en galego. Son datos que corresponden ao estudo realizado no ano 2018; hai dez anos estaban nesa situación o 16,40%, é dicir, 1 de cada 6 individuos.


Paralelamente, o uso do galego non mudou de maneira substancial nos últimos cinco anos, pero a situación é moito menos optimista se tomamos como referencia os datos da última década ou dos últimos quince anos. Hoxe usa o galego "sempre" ou "máis galego que castelán" o 52,3% da poboación, case o mesmo 51,5% de hai cinco anos, pero lonxe xa do 57% de dez anos para atrás ou do 61,5% de 2003. Doutra maneira, pódese falar en certo modo de que a situación se mantén pero de que —debemos lembrar que do que falamos é de *normalización* da lingua— non se recupera.

Analizar esta realidade por franxas de idade axúdanos a comprender a encrucillada na que se encontra o idioma. O 48,5% das persoas de 65 ou máis anos fala "sempre en galego" e un 25% utiliza "máis o galego que o castelán", pero entre os nenos e nenas de 5 a 14 anos, tan só o 14,3% fala "sempre en galego"

Idade	Total	Moito	Bastante	Pouco ou nada
Total	100	57,59	30,46	11,95
De 5 a 14 anos	100	38,03	38,07	23,90
De 15 a 29 anos	100	63,01	27,15	9,84
De 30 a 49 anos	100	61,06	26,73	12,21
De 50 a 64 anos	100	56,22	32,09	11,69
De 65 ou máis anos	100	58,54	32,62	8,84

Poboación que sabe falar galego por idades.





Poboación que habitualmente "fala galego sempre" ou "máis galego que castelán".

e o 11,9% "máis en galego que en castelán", é dicir, un 26,2% en total. O resto (o 74%) exprésase "sempre en castelán" ou en "máis castelán que galego". Entre os nenos/as, a situación é semellante á de 2013, pero hai dez anos, o 36% tiña o galego como lingua habitual. Hai quince anos, esa porcentaxe era do 40%. Un descenso de un punto por ano.

Son todos eles datos para a reflexión, tamén —talvez, sobre todo— desde a óptica da educación. Se partimos da base de que toda a armazón lexislativa actual ao respecto establece que o alumnado debe rematar a súa escolarización obrigatoria dominando con suficiencia os dous idiomas oficiais de Galicia, a primeira alerta que provoca o feito de saber que a cuarta parte dos rapaces/as galegos non son competentes no seu idioma é que —é evidente— algo estaremos facendo mal. Entrarán en xogo aquí, con certeza, problemas didácticos, de deseño de estratexias para encarar a ensinanza do idioma nas aulas, actitudes —do profesorado, do alumnado e da contorna mesma— cara ao propio idioma, a ausencia de estímulos externos á aula ou mesmo a teimuda realidade globalizada —tamén mercantilizada— actual.

Pero tamén parece evidente que, ante estes datos, debe ser cuestionada unha vez máis a política lingüística que se desenvolve en Galicia e, nomeadamente, a estratexia de normalización —ou de ausencia dela— no ensino. Forman parte do problema a redución de horas de presenza nas aulas do galego, a repartición escorada —e, polo tanto, diglósica— das horas lectivas nun ou

noutros idiomas, a utilización da desculpa do inglés, a reaparición de prexuízos derivados das campañas contra o galego, a falta de espazos de uso social para a mocidade — mergullada en contornas monolingües en castelán—, e tantas outras circunstancias, como nos lembran de xeito periódico institucións e colectivos de toda índole preocupados polo idioma.

Durante anos, a mala evolución no uso, implantación e prestixio social da lingua galega era compensada, cando menos en parte, polo feito de que seguía a ser a lingua habitual da maioría da poboación do país. Pero esta realidade xa hai tempo que deu sinais de esgotamento. O propio informe do IGE alértanos tamén sobre a precaria evolución na transmisión interxeracional, sen mellora ningunha aínda que sen un grande empeoramento tam-

pouco. O galego resiste, aínda, como idioma maioritario da poboación —sen sabermos ata cando—, pero segue sendo minoritario, cada vez máis, entre as novas xeracións.

Hai outros datos que ofrece o informe que son igualmente preocupantes por si mesmos. A RAG xa advertira tempo atrás da perda progresiva de referentes lingüísticos en galego no seo da familia. Pois ben, o novo estudo do IGE pon de manifesto que o 83,36% dos galegos e das galegas, no seu conxunto, aprendeu a falar o galego na familia, pero cando fala da poboación menor de 30 anos, a escola aparece como o principal vieiro para tropezar coa lingua.

A pregunta, claro, é que sucede —que está sucedendo— se a escola deixa de cumprir ese papel de axente galeguizador. E os sinais son alarmantes neste sentido: tan só o 16,7% da poboación galega escribe habitualmente en galego, a metade dos galegos e das galegas só le libros en castelán, o 70% navega pola Rede sempre en español... En definitiva, u-la escola?

Cómpre, logo, lembrarmos sen pretensión de exhaustividade que, fronte ao chamado *Decreto do Plurilingüismo* —Decreto 79/2010, do 20 de maio— que utilizou como desculpa a introdución do inglés —só marxinalmente doutros idiomas— como lingua vehicular no ensino para ir mingando cada vez máis a utilización do galego como lingua vehicular, Nova Escola Galega elaborou, ata en dúas ocasións diferentes, senllas propostas de introdución do galego no ensino que partían da

única premisa legal existente ata hoxe: o alumnado debe rematar a súa escolarización obrigatoria sendo competente nos idiomas considerados oficiais en Galicia.

Esas propostas elaboradas por Nova Escola Galega partían, claro, da constatación —froito dunha análise rigorosa— da realidade lingüística de Galicia. A estratexia de utilización do galego no ensino non debeu partir nunca da falacia da *harmonía* entre os dous idiomas. Doutra maneira, só se pode equilibrar o que está desequilibrado en orixe, discriminando positivamente o idioma que está en situación de inferioridade. Moi lonxe, dicimos, este punto de partida da falsa premisa que ten como eixe a política lingüística no ensino —e na globalidade da vida do país— emanada desde o poder político actual: a pretendida situación de igualdade e de *pax* lingüística entre galego e castelán. E iso sen termos en conta a xa referida “reserva” de certas materias —sobre todo as científicas e tecnolóxicas— para o castelán.


Da realidade debuxada, xa non só polo estudo realizado polo IGE no 2018 e feito público agora, senón pola infinidade de investigacións que se levan desenvolvido ao respecto, dedúcese, seguramente, unha situación que ata certo punto se puidese considerar paradoxal se a ollamos desde a perspectiva de hai cinco ou dez anos, nin sequera máis. En efecto, considerouse historicamente que os alumnos e alumnas do medio rural vivían nunhas condicións de inferioridade —oferta cultural, acceso ás novas tecnoloxías, oportunidades de desenvolvemento...— a respecto do alumnado urbano. Pois ben, esta realidade mudou notablemente nos últimos anos, ata tal punto que podemos considerar que o alumnado do rural ten hoxe unhas vivencias, en xeral, incluso máis ricas ca as do alumnado urbano. Xa non se trata só de que o cine, por exemplo, estea a media hora de camiño por estrada, senón de que se pode acceder a el a través de innumerables plataformas, ou de que —sigamos cos exemplos— poder ter acceso a unha biblioteca deixase

Lingua	Total	De 5 a 16 anos	De 17 ou máis anos
Total	100,00	100,00	100,00
Todas en galego	1,28	1,03	1,71
Maioritariamente en galego	11,51	9,13	15,78
Igual en galego ca castelán	59,57	72,72	36,03
Maioritariamente en castelán	24,96	15,68	41,58
Todas en castelán	2,68	1,44	4,90

Poboación que estuda segundo a lingua na que recibe as clases por idades.

Medios	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Ver a televisión	2,92	14,73	55,75	26,60
Escoitar a radio	3,48	10,78	46,72	39,02
Ler a prensa	1,06	2,90	36,94	59,10
Ler libros	1,19	3,95	40,83	54,03
Navegar por internet	1,29	3,78	25,46	69,47
Redes sociais	8,25	18,03	21,65	52,07

Poboación segundo a lingua que emprega nos medios de comunicación.




Poboación segundo a lingua que fala habitualmente.

de ser unha utopía en lugares remotos da xeografía. E, en fin, desde a óptica lingüística —e aquí está a constatación trágica se a ollamos en termos de país— hoxe por hoxe, o alumnado rural é realmente o único que pode aspirar a ser bilingüe de verdade, porque é tamén o único que ten garantido o acceso ordinario aos dous idiomas.



Pois ben, a escola deseñada para Galicia ten hoxe —e á luz de todo o que imos sabendo— o deber de posibilitar o empoderamento dos nenos e nenas galegos no seu idioma. E para logralo, semella evidente que non debe esquecer estar centrada no medio, sen perder a perspectiva do universalismo. Debemos estar en alerta contra a *diglosia* —a de antes e a de agora—, contra ese estado de cousas no que un idioma ten máis prestixio ca o outro co que convive —coas implicacións de toda índole coñecidas—, pero debemos estar en alerta tamén contra a *diculturalidade*, contra esa situación na que unha das armazóns culturais —unha das culturas— que convive con outra é minusvalorada precisamente diante da súa adversaria poderosa. Igual o alumnado do medio rural do primeiro cuarto do século XXI nos axuda a enxergar o camiño. •



Poboación que fala "en galego sempre" ou "máis galego que castelán".

OS DATOS ESTÁN TIRADOS DO RESUMO DE RESULTADOS PUBLICADO O 27/9/19 POLO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA A PARTIR DA ENQUISTA ESTRUCTURAL A FOGARES: COÑECEMENTO E USO DO GALEGO (datos de 2018).

Porque temos unha lingua



Nova Escola Galega

ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



engádeste?
engádeste?
engádeste?



www.nova-escola-galega.org